



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PORTO DO SON

DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA

XUNTA DE SALIDA

Aprobado definitivamente, con execución estrita, as condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR 2016



O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto do Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

Q-secretaría,

Audto: José Manuel González García.

INFORMACIÓN

TOMO I

MEMORIA
INFORMATIVA



XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás
condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio
Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

Fernando García-Fente Varela
Fernando García-Fente Varela

MEMORIA INFORMATIVA

DILIXENCIA: este documento forma parte
do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
Cencello de Porto de Son aprobado polo
Pleno da Corporación o 25/02/2016.

secretario,

Asdo. José Manuel González García.



XUNTA DE GALICIA

Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación Urbanística II


Fernando García-Fente Varela

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Cencello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,


Asdo. José Manuel González García.



ÍNDICE

1. MEMORIA INFORMATIVA	7
1.1. SINOPSE HISTÓRICA	7
1.1.1. A prehistoria	7
1.1.2. A romanización	8
1.1.3. A Idade Media: A xénese de Porto do Son	8
1.1.4. A Idade Moderna en Porto do Son	8
1.1.5. A Idade Contemporánea	10
1.2. A DEMOGRAFÍA DE PORTO DO SON	11
1.2.1. A evolución demográfica	11
1.2.2. A comarca de Noia	11
1.2.3. O conxunto municipal	14
1.2.3.1. As parroquias	14
1.2.4. Evolución histórica da poboación	14
1.2.5. A estrutura da poboación	16
1.2.6. Movementos naturais da poboación. Saldos, taxas e índices	18
1.2.7. Movementos migratorios	19
1.2.7.1. Emigración segundo tipo de migración	19
1.2.7.1.1. Emigración interna	20
1.2.7.1.2. Emigración externa	21
1.2.7.2. Inmigración segundo tipo de emigración	22
1.2.7.2.1. Inmigración interna	22
1.2.7.2.2. Inmigración externa	24
1.2.7.3. Saldos e índices	25
1.3. A ECONOMÍA	26
1.3.1. Poboación parada	26
1.3.2. Poboación activa	28
1.3.3. Tecido empresarial	30
1.3.3.1. empresas segundo a súa condición xurídica	30
1.3.3.2. Unidades locais por actividade	30
1.3.3.3. Empresas por número de asalariados	31
1.3.4. Actividades industriais	31
1.3.4.1. As superficies comerciais	32
1.3.5. Outros indicadores e cálculos	33
1.4. INFRAESTRUTURA DE TRANSPORTE. MOBILIDADE	34
1.4.1. Introducción e obxectivo	34


XIUNTA DE GALICIA
 Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás
 condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio
 Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

Fernando García-Fente Varela
Fernando García-Fente Varela

**DILIXENCIA: este documento forma parte
 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de
 Cencello de Porto de Son aprobado polo
 Pleno da Corporación o 25/02/2016.
 O secretario,**

Asdo. José Manuel González García
Asdo. José Manuel González García



1.4.2. Mobilidade	34
1.4.2.1. Zonificación	34
1.4.2.2. A produción de viaxes	34
1.4.2.3. O reparto modal.....	36
1.4.2.4. O motivo das viaxes en Porto do Son.....	37
1.4.3. Estrutura viaria	37
1.4.4. Tráfico	41
1.4.5. Limitacións sectoriais de estradas. Incidencias no planeamento.....	43
1.4.6. Plans de estradas. Programación.....	44
1.4.7. Rueiro/malla urbana.....	46
1.4.8. Diagnose	47
1.5. AS INFRAESTRUTURAS BÁSICAS DAS REDES DE SERVIZOS	49
1.5.1. Obxectivo	49
1.5.2. Metodoloxía.....	49
1.5.3. Rede de abastecemento.....	50
1.5.3.1. Estado actual da rede de abastecemento.....	50
1.5.3.2. Problemática da rede actual.....	54
1.5.4. Rede de saneamento.....	54
1.5.4.1. Estado actual da rede de saneamento.....	54
1.5.4.2. Descrición da rede actual.....	54
1.5.4.3. Problemática da rede actual.....	57
1.5.5. Rede eléctrica.....	57
1.5.5.1. Descrición da rede de subministración	57
1.5.5.2. Tratamento de residuos sólidos.....	59
1.5.5.3. Alumeado público.....	60
1.5.6. Telecomunicacións.....	60
1.5.6.1. Teléfono.....	60
1.5.6.2. Radio.....	60
1.5.6.3. Correos e telégrafos.....	60
1.6. O SISTEMA DE DOTACIÓNS URBANÍSTICAS.....	60
1.6.1. Introducción.....	60
1.6.2. Definición e clasificación das dotacións.....	61
1.6.3. Metodoloxía. Elección e xustificación de estándares.....	61
1.6.4. Sistema de espazos libres e zonas verdes de dominio e uso público.....	64
1.6.4.1. Sistema xeral de espazos libres e zonas verdes.....	64
1.6.4.1.1. Parques urbanos.....	64
1.6.4.1.2. Parques no ámbito rural e parques forestais.....	65



1.6.4.2. Sistema local de espazos libres e zonas verdes.	66
1.6.4.2.1. <i>Espazos libres urbanos.</i>	66
1.6.4.2.2. <i>De ámbito rural ou parroquial.</i>	66
1.6.4.3. PARÁMETROS COMPARATIVOS.	68
1.6.5. SISTEMA DE ESPAZOS LIBRES E A SÚA DISTRIBUCIÓN ACTUAL.	68
1.6.6. Sistema de equipamentos e dotacións comunitarias.	69
1.6.6.1. Equipamento asistencial.	69
1.6.6.1.1. <i>Sistema xeral de equipamentos asistenciais.</i>	69
1.6.6.1.2. <i>Sistema local de equipamentos asistenciais.</i>	69
1.6.6.1.3. <i>Parámetro comparativo.</i>	70
1.6.6.1.4. <i>Sistema de equipamentos asistenciais. Distribución actual.</i>	70
1.6.6.2. Equipamento deportivo.	71
1.6.6.2.1. <i>Sistema xeral de equipamentos deportivos.</i>	72
1.6.6.2.2. <i>Sistema local de equipamentos deportivos.</i>	72
1.6.6.2.3. <i>Parámetro comparativo.</i>	75
1.6.6.2.4. <i>Sistemas de equipamentos deportivos. distribución actual.</i>	75
1.6.6.3. EQUIPAMENTO EDUCATIVO.	77
1.6.6.3.1. <i>Sistema xeral de equipamentos educativos.</i>	77
1.6.6.3.2. <i>Institutos</i>	77
1.6.6.3.3. <i>Ensino infantil e primario</i>	77
1.6.6.3.4. <i>Centros de ensino de réxime especial</i>	78
1.6.6.4. Sistema local de equipamentos educativos.	79
1.6.6.4.1. <i>Parámetro comparativo.</i>	80
1.6.6.4.2. <i>Sistema de equipamentos educativos. Distribución actual.</i>	80
1.6.6.5. Equipamento sanitario.	81
1.6.6.5.1. <i>Sistema xeral de equipamentos sanitarios.</i>	82
1.6.6.5.2. <i>Parámetro comparativo.</i>	83
1.6.6.5.3. <i>Sistema de equipamentos sanitarios. Distribución actual.</i>	83
1.6.6.6. Equipamento sociocultural.	85
1.6.6.6.1. <i>Sistema xeral de equipamentos socioculturais.</i>	85
1.6.6.6.2. <i>SISTEMA LOCAL DE EQUIPAMENTOS SOCIOCULTURAI</i>	85
1.6.6.6.3. <i>Parámetro comparativo</i>	87
1.6.6.6.4. <i>Sistema de equipamentos socioculturais. Distribución actual</i>	87
1.6.6.7. O equipamento comercial.	88
1.6.6.8. Os cemiterios.	89
1.6.6.9. O equipamento relixioso.	89
1.6.7. Detalle da relación dos espazos libres.	89

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.



DETALLE DA RELACIÓN DOS EQUIPAMENTOS.....	91
1.7. AFECCIÓNS.....	93
1.7.1. Planeamento existente no concello de Porto do Son.....	93
1.7.2. Planeamento nos concellos limítrofes.	94
1.8. LEXISLACIÓN SECTORIAL.....	95
1.8.1. Lei de Costas.	95
1.8.2. Patrimonio Cultural.....	95
1.8.3. Espazos Naturais:.....	98
1.8.4. Estradas.	98
1.8.5. Afeccións agrícolas.....	98
1.8.6. Augas.....	98

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

XUNTA DE GALICIA

Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación Urbanística II



Fernando García-Fente Varela



1. MEMORIA INFORMATIVA

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

1.1. SINOPSE HISTÓRICA.

1.1.1. A PREHISTORIA.

Non é posible aínda afirmar a presenza do ser humano do Paleolítico no territorio do Son, pese a ser afirmado por Carré Aldao na "Geografía del Reino de Galicia", obra dirixida por T. Carreras y Candi e da que Carré se ocupou do tomo correspondente á provincia da Coruña.

Segundo el, apareceran útiles desta xeira da Prehistoria na cova do Fonforrón e na praia de Caamaño. Pero eses achados non foron estudados e, hoxe por hoxe ninguén sabe onde poden estar. En calquera caso podemos partir da hipótese de que houbo asentamentos humanos xa nese período, dado o tipo de lugar –a furna ou cova- e dados outros achados semellantes nas terras do litoral das rías e últimos cursos dos grandes ríos galegos.

O que xa non é discutible é a existencia de restos do período megalítico. No Son veñen ser as mámoas os monumentos megalíticos máis abondosos. Segundo Mariño del Río, á vista da localización das mámoas, todo indica a estreita relación entre estes monumentos e as terras de cultivo actuais, pois adoitan situarse en zonas que favorecían os asentamentos humanos. Montemuiño e Raña (na parroquia de Baroña), Chan das Patas (en Muro) e Parada (en Xuño) son os lugares onde se concentran as mámoas do termo municipal de Porto do Son, evidenciándose claramente esa calidade favorecedora dos asentamentos.

Fai pouco tempo no lugar de Pozos da Garda, no monte Dordo, situado por riba da Vila de Porto do Son, R. Quintáns descubriu gravados nunha pedra de grande tamaño, con motivos zoomorfos. Hoxe en día non están datados con exactitude, malia que Mariño opina que é probable que se sitúen no Bronce final.

A continuidade da presenza humana en Porto do Son vén testemuñada pola presenza aquí de extraordinarias mostras da cultura castrexa.

Segundo o autor ao que vimos seguindo, a distribución dos castros permite establecer unha estreita relación entre as zonas de mámoas e aquelas onde aparecen estas construcións de carácter defensivo e habitacional que foron os castros.

Sobre a orixe da poboación que desenvolveu nos castros unha economía de base agrogandeira, con complementos no marisqueo, na casa e na extracción e manipulación de minerais, que levou a uns incipientes intercambios comerciais (como sinala Ramón Villares), hai discrepancias. Para Mariño del Río, os achados do castro de Baroña evidencian a presenza dos celtas no T.M. de Porto do Son. Con todo, para Francisco Calo, grande coñecedor deste castro por ter dirixido a última das campañas de escavación realizadas nel, afirmar que era celta a etnia dos poboadores dos castros é algo que non se pode demostrar e que polo mesmo non ten valor científico.

En Porto do Son aparecen restos de nove asentamentos castrexos, unha cuarta parte de todos os existentes na Barbanza. Son, de N. A S.: Miñortos, Foloña, Enxa, Baroña, Lagoa, Nadelas, Caamaño, Illa Do Mar e Burleu. Non é este o lugar para falar polo miúdo destes castros, soamente sinalar a súa importancia, pois, cixíndonos ao de Baroña hai que concluir que, pese a situarse na área territorial á que os romanos denominaron Convento Xurídico Lucense e non no Convento Xurídico Bracarense, onde os castros adoitan seren máis ricas, a complexidade urbanística, amosa manifestacións de senlleira importancia, tanto urbanística como artística.

APROBADO DEFINITIVAMENTE CON SUXEIÇÃO ESTRITA ÁS CONDICIÓN SINALADAS POLA ORDE DA CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE DATA

28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Fernando García-Fente Varela



28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación

1.1.2. A ROMANIZACIÓN

A presenza romana no Son aparece igualmente inequívoca. Aínda que a chegada non vai supoñer o abandono inmediato do hábitat castrexo si será a causa de que un ou dous séculos despois se produza ese abandono, como ten estudado F. Calo documentalmente para o castro de Baroña.

Testemuñas da romanización aquí son unha ara dedicada a Diana, atopada na igrexa de san Pedro de Baroña (hoxe en día no Museo de Pontevedra), unha lápida funeraria de mármore atopada en Queiruga, dedicada a *Rufinus Seiliensis*, hoxe en día nun lateral da igrexa desa parroquia, e outra ara -atopada hai pouco tempo, datada no S. II. a.C que está hoxe na Biblioteca Pública do Son-.

Non son tan concluíntes, con todo, os restos de viario desa época, pese a que hai quen considera romana a vía que pasando por Cures, cruzaría a Barbanza e, formando unha galla levaría unha ponla cara a Nebra e a outra en dirección ao castro de Baroña, pasando por Udres. Outros autores tamén sitúan no período da romanización a ponte do río Sieira, na parroquia de Xuño.

1.1.3. A IDADE MEDIA: A XÉNESE DE PORTO DO SON.

Producida a decadencia do imperio romano, en Galicia produciuse a chegada dos pobos xermánicos, nomeadamente dos suevos. Moi poucas ou ningunha son as testemuñas do reino suevo atopadas aquí, aínda que Carré sostén que en Toroño produciuse un desembarco no ano. 442, lugar que el identifica con Torónb, na parroquia de Noal. Tamén Carré nos fala da orixe medieval dunha Torre en Orseño (parroquia de Nebra), pero hoxe soamente fican alí os alicerces.

Dese longo período que vai desde a caída do Imperio Romano ata o amencer da Idade Moderna non hai documentación que nos permita facer aseveracións sobre as características do poboamento no Son. Hai que chegar ao século XV para termos, aínda que controvertida, algunha documentación, mesmo a explicativa do propio topónimo.

Segundo un traballo de Carlos Vinagre Lago (1954) no arquivo parroquial obran copias de documentos nos que se fala de "O Son e do Porto", concluíndo que o nome se debe a que na vila moraban, Fernando de Ocon e Allonso do Porto.

Manuel Rodríguez Pazos dinos que o termo *Porto d'Ocon* aparece en varios documentos do XV. E "Doçon" aparece en diversos mapas do XVI e XVII.

As actas notariais manteñen "*Porto d'Oçon*" ata os anos finais do XVIII onde xorde "*Puerto d'Ocon*".

No mapa de Galicia de Tomás López, de 1784, aparece como "*son*". En 1913 un Real Decreto concédelle o tratamento de Excelencia ao concello de "*Villa y Puerto del Son*".

En 1948 a Corporación reivindicou a denominación de "*Puerto del Son*" para a capitalidade municipal. Oficialmente, eses nomes foron aprobados en xuño de 1949. Co restablecemento da democracia ficou acuñado o nome actual: Porto do Son.

1.1.4. A IDADE MODERNA EN PORTO DO SON.

Pero a vila, aínda que pequena –sostén Mariño del Río-, era xa un porto pesqueiro importante no século XVI, como demostra a instalación dun alfoli e os impostos satisfeitos á Facenda Real.

No XVII as posesións de terra repartíanse entre a Igrexa e uns cantos señores (Patiños, Caamaños, Axeitos...).

Foi importante a Casa de Nebra. O seu morgado foi substituído por Martín Becerra de Caamaño e Dona María Oanes Prego.

Logo na Casa entran os Sotomayor, os Ozores, os Mosquera... ou sexa varias das casas grandes de Galicia.



28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación

A Casa de Nebra tivo posesións en Noal, Goyans, Baroña, Queiruga, Oleiros, Ribasieira e Caamaño.

A casa está rodeada por unha muralla que só se pode franquear por un portón. Conserva escudo.

Outro morgado importante foi o dos Patiño. A súa orixe está no Porto do Son e dátase no ano 1580. Foi o seu fundador D. Pedro Patiño, casado con Dona Teresa Figueras.

Porto do Son tivo sempre no mar o piar da súa economía. Por iso non é de estrañar que aquí, como noutras moitas zonas do litoral galego se producisen feitos que evidencian esa vocación, xa desde antigo. Así, ao longo de toda a Idade Moderna, teñen lugar moreas de preitos pesqueiros, motivados nuns casos, por usaren o xeito os mariñeiros do Son, arte prohibida polas Ordenanzas ditadas pola "Justicia y Regimiento" de Noia, que protexía o cerco real; por outro, o uso que os do Son facían das volantas, que os enfrontaron cos mariñeiros de Muros. Por eses preitos podemos concluír ata que punto na pesca residía o alicerce da vida neste territorio.

O preito interposto polos mariñeiros fronte dunha sanción do xuíz de Noia, Damian Ramirez (de 200 marabedís mailas costas por cada barco infractor), foi levado polo procurador Jácome de Santiago perante a Real Audiencia da Coruña. Noia apelou á Real Chancillería de Valladolid. Prodúcese un primeiro fallo favorable aos mariñeiros do Son en 1588. Unha segunda, de 1590 concédelles o dereito a pescar libremente coas redes do "xeito, raeiras e demais artes". Esta sentenza foi outra vez impugnada polo "Regimiento" de Noia perante o Tribunal de Valladolid que remata cunha concordia entre as partes en 1591.

En 1606 a Administración de Noia decide suspender por razóns económicas, as visitas ao Son. Pero o certo era que, pese ao reducido continxente poboacional, o porto seguía a ser importante nos comezos do século XVII. Jerónimo del Hoyo dinos que a parroquia do Son tiña uns 100 fregueses, Nebra, 70; Miñortos, 33; Goyanes, 34; Baroña, 34; Queiruga, 30; Caamaño, 40; Ribasieira, 14; Xuño, 34; e Muro, 34.

Os conflitos con Noia volveron logo de 1616 e outra vez se lle dá a razón aos mariñeiros do Son pola Audiencia da Coruña. O preito durou case 40 anos e, anos despois rematou coa emancipación do Son verbo de Noia, constituíndose como "concejo" soberano e independente, xa en tempos do reinado de Felipe III. Como aconteceu con outros asentamentos das rías galegas, tamén o Son sufriu as invasións de piratas ao longo do século XVII e posteriores.

Os mariñeiros do Son preitearon igualmente con Muros, mais neste caso polas volantas. As volanteiras eran barcos de dous paus, e cadanseu coa súa vela cadrada con proa e popa aguzadas. Tiñan sete remos por banda (ou sexa, catorce remadores). Cas redes, de 60 a 70 m. de longo e 4 m. de alto, pescábase a pixota, o ollomol, etc.

Os mariñeiros de Muros eran partidarios de usar as redes do xeito (duns 100 m. de longo e 10 de fondo), sostendo que as volantas acababan con toda a pesca, amais de danar o desove da sardiña na ría.

O preito produciuse denantes de 1635, pois nesta data firmouse unha escritura de concordia entre as partes. Pero os acordos non deberon ser respectados na súa totalidade porque case un século despois, en 1722 o procurador dos mariñeiros de Muros, querélase contra os do Son e solicita o cumprimento do acordado en 1635. Os do Son solicitaron axiña a anulación da concordia, cousa que lles foi concedida pola Real Audiencia da Coruña. Os de Muros apelaron á Real Chancillería de Valladolid. En 1727 condenouse á vila de Muros, ao seu concello e aos veciños a que non impedisen o uso das volantas aos mariñeiros do Son, dentro da Ría.

Pero o conflito non fixera máis que empezar, pois o século XVIII vai coñecer novos preitos, consecuencia de novas ordenanzas e diversas apelacións a distintas instancias, ata que por Real Orden de 1772, os mariñeiros do Son viron gañado o seu preito; iso si, a costa de enormes sacrificios económicos, incluída a hipoteca de casas e fortes derramas, que levaron, mesmo, a pasar fame á poboación neste último terzo do século XVIII.

En 1773 concédese a Porto do Son a celebración dunha feira mensual e concédesele o título de vila.

No 1774 elaboráronse os primeiros estatutos do Gremio de Mercantes.

BIENEFICENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,



28 ABR. 2016

MEMORIA INFORMATIVA

Segundo os datos que achega Lucas Cabada no seu coñecido libro *"Descripción económica del Reino de Galicia"* no Porto do Son había 170 mariñeiros matriculados que faenaban en 22 embarcacións, pescando 17.000 milleiros de sardiñas, 500 quintais de congro, outros tantos de pescada, e de abadexo, e de *"mielga"* e de raia, e de polbo; que se exportaba, maiormente a Bilbao e Donosti e outros portos.

Datos moi semellantes son os que achega Cornide na súa *"Memoria sobre la pesca de la sardina en las Costas de Galicia"*, de 1884.

Daquel tempo son as primeiras fábricas de salgadura. A primeira foi inzada por Jerónimo Hijosa, natural de Valladolid pero veciño da Coruña.

Daquela xa estaba construído o peirao vello, que se menciona nun recoñecemento que da ría fan as autoridades de Mariña en 1770. Uns anos despois construíuse o peirao novo que permitiu formar unha comboa ou *"dársena"* para o abeiro das embarcacións.

No 1806 establécense no Porto do Son José Román Itilas, o primeiro dos cataláns que van desenvolver a industria da salgadura aquí. Isto supuxo un extraordinario desenvolvemento dunha industria que ía trocar as técnicas e a mesma organización da pesca tradicional. Xorde entón o traballo asalariado. Entre 1806 e 1810 establécense na ría outras industrias de apelidos Mertes, Ferrer, Roura, Gayoso, Portals Vieta, que constrúen os seus *"almacéns"* como se lles chamaba daquela, coas súas *"chancas"* (lagares) de case 2 m. de fondo, os seus *"claros"* na parte central e o *"morto"* (lugar de prensado da sardiña). Amais do produto final (o peixe salgado) nos *"almacéns"* dos cataláns, producíase o saín e a morca que se utilizaba nas fábricas de coiros para o curtido de Galicia ou se exportaba.

1.1.5. A IDADE CONTEMPORÁNEA.

Tense dito que a invasión napoleónica da Península Ibérica marca entre nós o comezo da Idade Contemporánea. Non lles falta razón a quen así pensan pois é, mesmo, durante a ocupación na que se promulgan as primeiras constitucións: a de Baiona (por José I) e a de Cádiz (polas Cortes alí reunidas).

A invasión e a guerra alteraron loxicamente, tamén a vida do Son, pero pódese afirmar que os franceses non chegaron a conquistar o Son.

En 1812 elíxense por vez primeira xuíz e alcalde sen a intervención do arcebispado, logo da abolición que as Cortes de Cádiz fixeron dos señoríos xurisdiccionais, promulgada por Fernando VII. Foi Juan Maneiro, veciño de Baroña, o primeiro xuíz de Porto do Son.

O século XIX é o século do esplendor da industria da salgadura, pero nas últimas décadas xa comeza a verse a decadencia, froito da escaseza de sardiña, escaseza que se acentúa nos comezos do século XX. A meirande parte das fábricas, tanto dos cataláns como dos galegos pecha entre 1910 e 1915, que orixinou a primeira grande emigración ultramarina.

A crise foi de tal natureza que, en 1916, con ocasión da fixación de arbitrios por parte do concello a xente (tanto a que estaba arredor da Liga Agraria de Nebra, como a que andaba na órbita de Protección Obreira de Porto do Son) revirou contra o concello. Producíronse manifestacións, dimisión do Concello, non aceptación da mesma por parte do Gobernador, resistencia ao pago das cotas, enfrontamentos entre poboación e garda civil, etc.

Diante dunha concentración de veciños de Nebra a Garda Civil disparou e producíronse vítimas: cinco mortos e máis de trinta feridos, algúns moi graves. Entre os feridos hai tamén dous gardas civís.

Di Mariño del Río que os sucesos de Nebra *"quedarán en el recuerdo que configura una de las páginas más desgraciadas de la Historia de Porto do Son"*

De calquera xeito os anos que seguiron foron anos de renovada actividade económica como evidencia a construción naval, e a construción de fábricas de conserva, á súa vez consecuencia da abundancia de xouba, son os anos nos que vai xurdindo e desenvolvéndose a actividade portuaria en Portosin, onde se instala unha desas fábricas.

BUXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,



28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación
 Urbanística

Nesta época, anterior ao desenvolvemento do transporte por estrada, o comercio do Son subministrábase por medio do porto de Vigo, comunicado por barcos de carga que facían a rota comercial entre os dous portos. Houbo tamén un servizo marítimo entre o Son e Noia, cunha lancha a vela e remo.

Logo da Guerra Civil e dos anos nos que se desenvolven as últimas migracións cara América, produciuse tamén aquí o éxodo cara aos países da Europa occidental, amais dos mariñeiros que se embarcan en diferentes portos españois en embarcacións desta e doutras nacionalidades.

Coa crise do transporte marítimo produciuse o regreso masivo de mariñeiros. A industria conserveira, que fora un importante pilar da economía industrial do Son ao longo do século, entra en crise. A fábrica de Portosín pechou. A de Porto do Son, aínda que hoxe funciona con normalidade estivo uns anos paralizada.

Segue a ser o mar hoxe en día unha fonte imprescindible de recursos. Pero aos tradicionais usos económicos do mar: pesca, marisqueo, tratamento industrializado dos produtos mariños, outrora transporte marítimo, etc., hoxe hai que engadir a industria que ten o mar como goce: das praias, navegación deportiva, etc.

1.2. A DEMOGRAFÍA DE PORTO DO SON.

1.2.1. A EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA.

O termo municipal de Porto do Son conta, segundo os datos do Censo Oficial de Poboación e Vivendas 2001, con 10.132 habitantes, e segundo os datos do I.G.E. correspondentes ao ano 2009, a cifra descende a 9.867, polo que se constata unha dinámica negativa no conxunto municipal.

A poboación deste concello supón o 27,5% da poboación da comarca de Noia, o 0,8% da poboación provincial e o 0,3% da poboación total de Galiza. Dita bisbarra abrangue os concellos de Lousame, Noia, Outes e Porto de Son, sendo o seu conxunto poboacional de 35.949 habitantes.

2009	Nº Habitantes
LOUSAME	3.687
NOIA	14.970
OUTES	7.425
PORTO DO SON	9.867
COMARCA	35.949

Fonte: I.N.E.

Dos concellos que integran a comarca, Porto do Son é o segundo máis poboado tras Noia sendo, pola súa extensión, o que ocupa o segundo lugar con 94,6 km². No que a densidade poboacional se refire, tanto as cifras do concello, de 104,6 hab/Km², como as da súa comarca, de 110,5 hab/Km², sitúanse a medio camiño das porcentaxes galegas (94,5 hab/km²) e provincial (144,0 hab/Km²).

1.2.2. A comarca de Noia.

Esta comarca está constituída por catro concellos dos que, como xa se sinalou, o 27,4% da poboación pertence ao concello. Na gráfica que segue, representamos as porcentaxes das poboacións municipais desta comarca.

DILIXENCIA: este documento forma parte
 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do
 Concello de Porto de Son aprobado polo
 Pleno da Corporación o 25/02/2016.
 O secretario,


28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación Urbanística II


Fernando García-Fente Varela
Fernando García-Fente Varela

% Pob. comarcal 2009



Por outra banda, as superficies municipais sitúanse entre os 37,2 Km² de Noia (o máis pequeno) e os 99,7 Km² do maior deles que é Outes, ocupando Porto do Son pola súa parte o 29 % da superficie comarcal.

% Superficie km² da comarca



Así pois, os concellos da comarca de Noia virían presentando -á vista destas cifras- as seguintes densidades de poboación por Km²:

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

Asdo. José Manuel González García.



28 ABR. 2016




O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

% Densidades poboacionais 2009

Fernando García-Fente Varela

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

secretario,
 Asdo. José Manuel González García.




No que aos concellos da bisbarra de Noia se refire, agás a Pobra e Rianxo, hai un constante incremento da densidade poboacional, unha tendencia que tamén se reflicte na media comarcal total, que experimenta unha evolución positiva.

Densidade de Poboación	Extensión (Km²)	Densidade 1991 (hab/km²)	Densidade 2001 (hab/km²)	Densidade 2009 (hab/km²)
LOUSAME	93,6	49,8	43,5	39,6
NOIA	37,6	400,3	382,1	402,4
OUTES	99,7	93,0	82,2	74,4
PORTO DO SON	94,6	113,2	107,1	104,3
COMARCA	325,1	121,6	112,6	110,5
A CORUÑA	7.950	137,9	137,8	144,0
GALIZA	29.560	92,4	92,5	94,5

Fonte: I.N.E. e I.G.E.

Na gráfica que segue, detállase a representación destas densidades e a liña evolutiva dos concellos da comarca, do período comprendido entre 1991 e o ano 2009, para maior información.





28 ABR. 2016

1.2.3. O conxunto municipal

O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Á hora de levar a cabo unha análise deste tipo, débese ter en conta tamén tanto a propia realidade poboacional local, como as circunstancias esóxenas ao territorio -que indubidablemente serán decisivas cara ao crecemento desta área territorial-, así como a súa inclusión nun espazo de grande riqueza ecolóxica, un factor que converte a zona nun lugar de especial atractivo turístico. Mais polo de agora falarase das parroquias.

1.2.3.1. As parroquias.

Un dos principais trazos de identidade do rural galego son as parroquias, que constitúen o elemento primordial da división tradicional do país. Con todo, hoxe en día, os fortes procesos urbanizadores dos territorios urbanos e rurais, poden facer que cheguemos a cuestionar a valía da entidade parroquial en relación ás análises poboacionais e as súas correctas interpretacións.

Asemade debemos ter en conta que os territorios cun forte proceso urbanizador e polo tanto, cun alto grao de ocupación do solo, aumentan a complexidade das análises cara ao establecemento das prioridades nun P.X.O.M.

O factor rural, a centralidade urbana e a proximidade a esta, adoitan influír na evolución dos núcleos de poboación do conxunto municipal. Para aproximarnos a esta evolución, tomamos os datos de poboación por parroquia dos últimos anos, a través dos datos dos padróns municipais.

Así pois, para analizar polo miúdo a dinámica da poboación do concello, imonos aproximar aos datos de poboación, segundo as parroquias. Porto do Son posúe dez:

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016. O secretario, Asdó. José Manuel González García.

	2000	2009	CRECIMENTO (%)
BAROÑA	860	772	-11,4
CAAMAÑO	644	610	-5,6
GOIANS	1390	1470	5,4
XUÑO	1267	1146	-10,6
MIÑORTOS	491	487	-0,8
MURO	994	909	-9,4
NEBRA	943	823	-14,6
NOAL	2610	2625	0,6
QUEIRUGA	978	922	-6,1
RIBASEIRA	121	103	-17,5
TOTAL CONCELLO	10.298	9.867	-4,4

Fonte: I.N.E. e elaboración propia

Á vista destas cifras decatámonos que agás Goiáns e Noal, as restantes parroquias perden poboación en menor ou maior medida, aínda que con matices, xa que mentres por exemplo Ribaseira perdeu un 17,5% de poboación no período 2000 - 2009, Miñortos fixoo unicamente nun 0,8%.

1.2.4. Evolución histórica da poboación.

Como podemos observar en tódolos casos aquí recollidos, experimentase unha evolución poboacional positiva, aínda que cun ritmo de crecemento moderado, pasando dos preto de 9.250 habitantes de principios de século aos case 9.900 do 2009.



	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	2001	2009
LOUSAME	5543	5477	5500	5857	6214	6555	6004	5361	4661	4275	4077	3687
NOIA	9791	9990	10687	10975	12016	12118	12241	11990	13867	14082	14217	14970
OUTES	9160	9202	9979	10025	10811	11303	10734	9968	9815	8247	8202	7425
PORTO DO SON	9244	9557	9478	9682	10341	10876	10598	9874	10453	10414	10132	9867
COMARCA	33738	34226	35644	36539	39382	40852	39577	37193	38796	37018	36628	35949

Fonte: I.N.E.

Cómpre facer unha periodización na evolución temporal do termo municipal, pois deste xeito poderemos entender mellor a realidade municipal. Así, entre 1900 e 2009 pódense establecer varias etapas ou períodos, froito dos movementos migratorios, os saldos vexetativos, diferentes circunstancias económicas...

Así por exemplo, vemos como desde os anos 30 ata mediados de século prodúcese un constante incremento poboacional que se mira truncado polos fluxos migratorios do rural ao urbano, e que unicamente volven coller impulso na época do "baby-boom" da década dos 70, acadando un pico de crecemento de poboación a principios dos 80, para pasar posteriormente a perder habitantes, ao igual que sucede practicamente de forma idéntica a nivel comarcal.

XUNTA DE GALICIA
 Aprobado definitivamente con suxección estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016


O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

	Crecedemento de poboación (%) 1900-2009
LOUSAME	-33,5
NOIA	52,9
OUTES	-18,9
PORTO DO SON	6,7
COMARCA	6,6

Fonte: elaboración propia

No tocante aos diferentes ritmos de crecemento experimentados neste período, decatámonos de que aínda que Porto do Son non acadara o ritmo experimentado por Noia (que foi o concello que máis medrou), acaba amosando un comportamento demográfico semellante ao conxunto da súa bisbarra.



EXHIBICIÓN: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Porto do Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

Asdo. José Manuel González García.




28 ABR. 2016

1.2.5. A estrutura da poboación.

A pirámide poboacional de Porto do Son ofrécenos unha imaxe global dos habitantes do concello; a súa estrutura permítenos analizar, tanto esta situación como as posibles situacións futuras definidas ou observadas a través da análise da súa figura. Ao mesmo tempo, tamén podemos entender, dun xeito máis pormenorizado, a evolución pasada da poboación municipal.

Así pois, vemos que a presente pirámide, amosa unha figura de "oxiva", propia das sociedades desenvolvidas, caracterizadas por baixas taxas de natalidade (como se aprecia na estreita base da pirámide), e un progresivo aumento da esperanza de vida, dando lugar a unha pirámide cunha figura máis estilizada nos tramos máis altos, onde se representan as persoas de máis idade.




Atopámonos pois, cunha pirámide de corte "regresivo", marcada pola importante presenza de maiores, especialmente mulleres, así como tamén por aquel segmento poboacional con idades comprendidas entre os 25 e os 34 anos (son os nenos e nenas nados no "baby-boom" dos 70) na parte media baixa de dita pirámide. Importantes son tamén outras franxas de idade posteriores a estes grupos de idade, como ás correspondentes ao individuos de 50 a 54 anos e de 60 a 70, que sumados ás outras persoas xa xubiladas, dan lugar a un desequilibrio considerable entre mozos e maiores.

Esta tendencia ao avellentamento, xunto á conxuntura propia das anteriormente citadas cohortes de idades de entre os 20 e os 34 anos (que se atopan en plena idade fértil), colocará ao concello nun futuro non demasiado afastado, nunha situación de responder por un lado ás necesidades propias da poboación infantil, e por outro, ás necesidades dos anciáns; dous grupos diferentes pero que comparten un trazo en común: a súa dependencia. Será preciso entón artellar os mecanismos correctos para satisfacer ás súas demandas (a través de servizos e equipamentos axeitados).

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Cencello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.



Asemade, mentres que os actuais fillos pertencentes aos segmentos de poboación máis novos estarán a curto prazo en condicións de xerar novos fogares, as persoas que agora xa están en idade de xubilación, pasarán á súa vez a engrosar o cada vez máis numeroso grupo de maiores da 4ª idade. Un colectivo cun gran potencial "de presión", xa que ao representar a unha parte cada vez maior da sociedade, van pouco a pouco obtendo unha meirande influencia política da que carecían con anterioridade.

Así pois, terase en conta outra serie de factores, alleos aos datos da pirámide, pero ligados ás condicións ambientais e culturais da poboación como: os novos modelos familiares (hai unha tendencia cara á redución do tamaño das familias e das vivendas), incremento das separacións, a incorporación ao traballo remunerado das mulleres, o aumento do nivel formativo e cultural da poboación, a maior esperanza de vida... que evidentemente influirán tamén na planificación das distintas políticas e medidas vinculadas aos equipamentos e aos servizos sociais.

Fica claro, que estes novos fenómenos afectan tanto ás novas xeracións como ás non tan novas, e esixirán das autoridades un esforzo non só no planeamento de equipamentos e servizos axeitados ás idades e características de cada grupo de idade, senón tamén que estes sexan de calidade.

2008	Idade media da poboación	Idade media homes	Idade media mulleres	Índice de dependencia (global)%
PORTO DO SON	44,4	42,6	46,2	63,2
COMARCA	45,6	43,6	47,4	63
A CORUÑA	44,2	42,5	45,8	57,1
GALIZA	44,6	42,9	46,2	60

Fonte: I.G.E.

Continuando co perfil demográfico de Porto do Son e os seus ámbitos de referencia, comprobamos, segundo os datos do I.G.E. reflectidos no recadro inmediatamente superior, que as diferenzas máis salientables entre ditas áreas, sitúanse no tocante ao índice de dependencia, especialmente en comparación coas cifras relativas á súa provincia (a seis puntos porcentuais de distancia).

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Cencello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.



28 ABR. 2016

1.2.6. Movementos naturais da poboación. Saldos, taxas e índices.

Denantes de aproximarmos ás cifras máis recentes, faremos un breve repaso da realidade demográfica da última década no que á natalidade e á mortalidade se refire. Así pois, no tocante á natalidade, obsérvase que Porto do Son acadou uns niveis equivalentes aos provinciais e autonómicos, ao mesmo tempo que supera as medias porcentuais da súa comarca.

Taxa media natalidade	Período 1998-02	Período 2003-07
PORTO DO SON	7,1	7,6
COMARCA	6,5	6,6
A CORUÑA	7,0	7,6
GALIZA	7,0	7,6

Fonte: I.G.E. e elaboración propia

En troques, en relación á mortalidade as diferenzas céntranse especialmente entre o primeiro (1998-2002) e o segundo período (2003-2007), xa que mentres Porto do Son ten a porcentaxe máis baixa no primeiro deles, entre os anos 2003 e 2007 sitúase por enriba das medias provincial e galega, igualando ao mesmo a taxa comarcal.

Taxa media mortalidade	Período 1998-02	Período 2003-07
PORTO DO SON	9,7	11,6
COMARCA	10,8	11,6
A CORUÑA	10,9	10,1
GALIZA	10,4	10,6

Fonte: I.G.E. e elaboración propia

Así pois, se ben o balance resultante entre a natalidade e a mortalidade non é positivo en ningún dos ámbitos, hai diferenzas entre uns e outros; xa que mentres no primeiro período as cifras negativas máis baixas correspóndense coas municipais, no segundo a bisbarra e Porto do Son encabezan o crecemento negativo.

Saldo medio vexetativo	Período 1998-02	Período 2003-07
PORTO DO SON	-2,6	-4,0
COMARCA	-4,3	-5,0
A CORUÑA	-3,9	-2,5
GALIZA	-3,4	-3,0

Fonte: I.G.E. e elaboración propia

Nesta liña, o saldo vexetativo que xorde do Padrón do 2009, remata tamén con signo negativo en todos os ámbitos dándose, iso si, proporcionalmente o maior decrecemento a nivel comarcal.

2009	Poboación	Nacementos	Defuncións	Saldo vexetativo	Matrimonios
PORTO DO SON	9.867	64	106	-42	21
COMARCA	35.949	249	422	-173	76
A CORUÑA	1.145.488	9.526	11.984	-2.458	4.326
GALIZA	2.796.089	22.454	29.899	-7.445	9.559

Fonte: I.N.E. e elaboración propia

En relación ao cadro seguinte, vemos que Porto do Son posúe a meirande cifra de fillos por muller, se ben a súa taxa bruta de nupcialidade é máis baixa ca a galega e provincial; de igual modo as mulleres



28 ABR. 2016

MEMORIA INFORMATIVA

O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

deste concello tamén teñen os seus fillos e fillas máis cedo, arredor aos 30 anos de media. Pese a todo a taxa bruta de mortalidade de Porto do Son é a máis alta de todos os ámbitos aquí expostos.

2007	Taxa bruta natalidade %	Taxa bruta mortalidade %	Idade media á maternidade	Nº medio de fillos por muller	Taxa bruta nupcialidade %
PORTO DO SON	7,7	11,8	30,0	1,13	3,5
COMARCA	6,7	11,3	30,9	0,97	3,1
A CORUÑA	7,9	10,3	31,6	1,03	4,2
GALIZA	7,8	10,7	31,4	1,04	4,0

Fonte: I.G.E. e elaboración propia

Pola súa banda, os índices de dependencia expresan unha relación proporcional entre as porcentaxes correspondentes ás poboacións infantil e ancián existentes, isto é: a maior cantidade de cativos e maiores, máis altas serán as correspondentes taxas de dependencia.

2009 (%)	Índice de infancia	Índice de xuventude	Índice de vellez	Índice sobre-avellentamento	Índice de dependencia infantil	Índice de dependencia maiores
PORTO DO SON	11,6	10,9	16,1	5,9	17,5	33,3
COMARCA	10,5	10,2	16,6	6,9	16,1	35,8
A CORUÑA	11,4	9,5	14,9	5,9	16,8	30,9
GALIZA	11,3	9,7	15,3	6,5	17,0	32,7

Fonte: I.G.E. e elaboración propia

Ditos índices responden aos seguintes cálculos: índice de infancia pob. de 0 a 14 anos/ pob. tot.*100, índice de xuventude pob. de 15 a 24 anos/ pob.tot 100, índice de vellez pob. de 65 a 79 anos/ pob. tot.*100, índice de sobreavellentamento pob. de 80 e máis anos/pob. tot. *100, índice de dependencia infantil pob. de 0 a 14 anos/ pob. de activos, índice de dependencia de maiores pob. de 65 e máis anos / pob. de activos.

1.2.7. Movementos migratorios

As migracións, xunto coa natalidade e mortalidade, representan os principios fenómenos que inciden no cambio demográfico; entendendo por migración o movemento relativamente permanente de persoas a unha distancia significativa. Sendo este último aspecto da distancia, substituído na práctica polo cruzamento de fronteiras políticas ou administrativas.

1.2.7.1. Emigración segundo tipo de migración

ANO	MIGRANTES TOTAIS		POBOACIÓN TOT. MEDIA		MIGRANTES POR 1000	
	1999-03	2004-08	1999-03	2004-08	1999-03	2004-08
PORTO DO SON	1.338	1.400	10.221	9.960	130,9	140,5
COMARCA	4.756	5.046	37.282	36.248	127,5	139,2
A CORUÑA	150.205	187.292	1.111.620	1.129.821	135,1	165,7
GALIZA	337.795	430.767	2.736.725	2.767.482	123,4	155,6

Fonte: I.G.E. e elaboración propia

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,



28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación

Así pois, respecto a aqueles continxentes migratorios que partiron do seu municipio de orixe no último decenio, observamos que foron moito máis importantes cuantitativamente na segunda metade do mesmo, é dicir: entre os anos 2004 e 2008.

En relación a Porto do Son, o incremento experimentado nese segundo período é, proporcionalmente, algo inferior ao da súa comarca, e moito máis pequeno que os crecementos provinciais e autonómicos.

1.2.7.1.1. Emigración interna.

En relación á emigración interna -a que non saíu da Comunidade Autónoma-, vemos que é un fluxo que proporcionalmente perde forza tanto na provincia da Coruña como en Galiza durante o segundo período de tempo aquí escollido (2004-2008). Mentres que pola contra, dito decrecemento non se experimenta a nivel municipal nin comarcal, xa que hai un crecemento aproximado duns 10 puntos porcentuais.

DENTRO DA COMUNIDADE	TOTALS		PORCENTAXES	
	1999-03	2004-08	1999-03	2004-08
ANO				
PORTO DO SON	743	925	55,5	66,1
COMARCA	2.736	3.405	57,5	67,5
A CORUÑA	111.344	137.142	74,1	73,2
GALIZA	243.181	305.146	72,0	70,8

Fonte: I.G.E. e elaboración propia

De igual xeito, como se observa na seguinte táboa, a porcentaxe de persoas que optaron por establecerse noutros concellos da Coruña é claramente superior ao dos individuos que o fan fóra de dita provincia, sen observarse iso si, diferenzas substanciais entre os dous períodos de tempo de referencia.

MESMA PROVINCIA	TOTALS		PORCENTAXES	
	1999-03	2004-08	1999-03	2004-08
ANO				
PORTO DO SON	664	830	89,4	89,7
COMARCA	2471	3049	90,3	89,5
A CORUÑA	98.229	120.972	88,2	88,2
GALIZA	198.842	250.347	81,8	82,0

Fonte: I.G.E. e elaboración propia

Nunha análise máis pormenorizada deste fluxo migratorio, decatámonos que a un nivel intracomarcal, os veciños da área de Noia foron mudando de lugar de residencia dentro da súa bisbarra en maior grao no segundo período do 2004-2008, ao igual que acontece a nivel provincial e autonómico.

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Cencello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
 O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

MESMA COMARCA	TOTALS		PORCENTAXES	
	1999-03	2004-08	1999-03	2004-08
ANO				
PORTO DO SON	127	201	19,1	24,2
COMARCA	785	1027	31,8	33,7
A CORUÑA	56.727	71.790	57,7	59,3
GALIZA	107.540	137.441	54,1	54,9

Fonte: I.G.E. e elaboración propia

Porén, no que a cambiar de comarca de residencia se refire, a porcentaxe de persoas que escolleu esta opción reduciuse especialmente unha vez máis na etapa 2004-2008 en Porto do Son, rexistrándose un menor descenso a nivel comarcal e provincial, e manténdose practicamente estable a nivel galego.

OUTRA COMARCA DA MESMA PROVINCIA	TOTALS		PORCENTAXES	
	1999-03	2004-08	1999-03	2004-08
ANO				
PORTO DO SON	537	629	80,9	75,8
COMARCA	1.686	2.022	68,2	66,3
A CORUÑA	41.502	49.182	42,3	40,7
GALIZA	91.302	112.906	45,9	45,1

Fonte: I.G.E. e elaboración propia

Por último, temos as cifras de individuos que pasaron a establecerse noutras provincias do país, e que aparte de ser significativamente menos que os que ficaron dentro da provincia da Coruña, apenas se rexistraron cambios porcentuais entre os dous períodos de tempo aquí recollidos, agás un leve incremento a nivel comarcal.

OUTRA PROVINCIA GALEGA	TOTALS		PORCENTAXES	
	1999-03	2004-08	1999-03	2004-08
ANO				
PORTO DO SON	79	95	10,6	10,3
COMARCA	265	356	9,7	10,5
A CORUÑA	13.115	16.170	11,8	11,8
GALIZA	44.339	54.799	18,2	18,0

Fonte: I.G.E. e elaboración propia

1.2.7.1.2. Emigración externa.

En relación á emigración externa, deberase ter en conta que os datos que aparecen, son relativos exclusivamente as cifras correspondentes ás persoas que marcharon fóra de Galiza, xa que o Instituto Galego de Estatística (I.G.E.), non desagrega nos seus informes relativos ata o ano 2002. Polo que,

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
 O secretario,
 Asdo. José Manuel González García.



28 ABR. 2016

considerábase conveniente empregar na análise do período 2004-2008 unicamente as cifras dos emigrantes que saíron fóra da Comunidade Autónoma, omitindo especificar se son individuos que marcharon a outros puntos do Estado ou ao estranxeiro, co gallo de distorsionar o menos posible a comparación dos períodos 1999-03 e 2004-08.

FÓRA DE GALIZA	TOTAIS		PORCENTAXES	
	1999-03	2004-08	1999-03	2004-08
ANO				
PORTO DO SON	595	475	54,5	33,9
COMARCA	2.020	1.641	42,5	32,5
A CORUÑA	38.861	50.150	25,9	26,8
GALIZA	94.614	125.621	28,0	29,2

Fonte: I.G.E. e elaboración propia

Respecto ao caudal migratorio orientado cara o exterior da Comunidade Autónoma, obsérvase unha clara diferenza entre o que sucede a nivel do país e da provincia, e o que acontece nos ámbitos municipal e comarcal, xa que os veciños destas últimas áreas cando optan por emigrar fano proporcionalmente en maior medida fóra de Galiza que o resto de coruñeses e galegos, se ben nos últimos anos descendeu esta tendencia de forma clara en Porto do Son e bisbarra.

1.2.7.2. Inmigración segundo tipo de emigración.

	MIGRANTES TOTAIS		POBOACIÓN TOT. MEDIA		MIGRANTES POR 1000	
	1999-03	2004-08	1999-03	2004-08	1999-03	2004-08
ANO						
PORTO DO SON	973	1.277	10.221	9.960	95,1	128,2
COMARCA	3.910	5.224	37.282	36.248	104,8	144,1
A CORUÑA	171.004	226.074	1.111.620	1.129.821	153,8	200,1
GALIZA	376.739	517.658	2.736.725	2.767.482	137,6	187,1

Fonte: I.G.E. e elaboración propia

Como vemos no presente apartado, o número de inmigrantes recibidos no segundo período de tempo comprendido entre o 2004-08 supera amplamente ao dos chegados entre 1999 e o ano 2003, se ben a distancia comparativa entre un período e outro é máis alto no caso das cifras autonómicas.

1.2.7.2.1. Inmigración interna.

	TOTAIS		PORCENTAXES	
	1999-03	2004-08	1999-03	2004-08
ANO				
PORTO DO SON	599	725	61,6	56,8
COMARCA	2.236	2.830	57,2	54,2
A CORUÑA	114.657	141.236	67,0	62,5
GALIZA	243.181	305.146	64,5	58,9

Fonte: I.G.E. e elaboración propia

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

consultora galega s.l.

Asdo. José Manuel González García.



28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

Dentro da inmigración interna, caracterizada por ser aquela que ten a súa orixe dentro da propia Comunidade Autónoma, deuse proporcionalmente un acusado descenso en todos os ámbitos (aínda que cuantitativamente houbo un aumento) no período 2004-08.

MESMA PROVINCIA	TOTALS		PORCENTAXES	
	1999-03	2004-08	1999-03	2004-08
PORTO DO SON	520	620	86,8	85,5
COMARCA	2.020	2.498	90,3	88,3
A CORUÑA	98.229	120.972	85,7	85,7
GALIZA	198.842	250.347	81,6	82,0

Fonte: I.G.E. e elaboración propia

De igual xeito, en relación á propia inmigración provinte da propia provincia, obsérvase un novo descenso no segundo dos períodos expostos, nos casos local e comarcal, unha conxelación do crecemento na provincia, e un leve incremento a nivel galego.

MESMA COMARCA	TOTALS		PORCENTAXES	
	1999-03	2004-08	1999-03	2004-08
PORTO DO SON	139	181	26,7	29,2
COMARCA	785	1027	38,9	41,1
A CORUÑA	56.727	71.790	57,7	59,3
GALIZA	107.540	137.441	54,1	54,9

Fonte: I.G.E. e elaboración propia

A súa vez, dentro da dinámica intracomarcal, o maior incremento entre ambos espazos de tempo prodúcese en Porto do Son e en menor medida na súa bisbarra, porén o máis pequeno é o que se dá a nivel autonómico.

OUTRA COMARCA DA MESMA PROVINCIA	TOTALS		PORCENTAXES	
	1999-03	2004-08	1999-03	2004-08
- Atopamos núcleos sen abastecemento de máis de 1.000 habitantes.
- O bombeo de Quintáns situado na parroquia de santa María de Nebra presenta unha capacidade insuficiente (na actualidade un bombeo de 60 l/s).
- O depósito existente en Agra do Rodo na parroquia de Goiáns presenta unha insuficiente capacidade de regulación (na actualidade 500 m³)

No verán o sistema de abastecemento funciona ao límite das súas posibilidades, sendo necesario obrigar nalgún punto a restrición do uso de auga para o rego das hortas e terreos de agro.

O estado da rede de abastecemento mellorou dun xeito importante nos últimos anos. Aínda así haberá que ter en conta que sempre existen certas carencias ou aspectos a mellorar sobre a mesma. O aspecto máis importante a considerar será o de proporcionar servizo as zonas do rural como: Miñortos, Goiáns, Xuño, Muro...etc.

Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016

1.5.4. Rede de saneamento



O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

1.5.4.1. Estado actual da rede de saneamento.

A comunidade autónoma de Galicia ten un Plan de Saneamento que ten como primeiro obxectivo o cumprimento da Directiva Europea 91/271 do 21 de maio de 1991 sobre o tratamento das augas residuais urbanas.

Como consecuencia das diferentes actividades xéranse unha serie de augas residuais que representan para a colectividade un perigo sanitario e ocasionan un grande problema para a súa eliminación. Estas augas residuais xéranse pola adición de:

- Augas negras ou augas residuais domésticas, que son as augas que proveñen dos domicilios particulares, dos edificios e actividades públicas e de instalacións asimilables (hoteles, garderías, etc.).
- Augas grises ou augas residuais industriais, que son as augas que proveñen das actividades industriais.
- Augas brancas ou pluviais e de infiltración, que son as que se xeran pola enxurrada da auga de choiva e que se introducen na rede de colectores, ou ben as augas existentes no terreo e que tamén se introducen na rede de colectores.
- Augas residuais procedentes da explotación gandeira.

En función da orixe destas augas os elementos contaminantes e a súa concentración serán diferentes. Así mesmo, ao mesturárense unhas augas con outras estas concentracións de elementos contaminantes variarán. Os diferentes estados pola que atravesou a rede de saneamento ata chegar o estado actual podémolos atopar perfectamente descritos no documento do Plan de Saneamento da Comunidade Galega.

1.5.4.2. Descrición da rede actual.

A rede de saneamento está en mans do concello que é o titular das instalacións, non existindo polo tanto unha concesionaria, a excepción do mantemento da E.D.A.R. O estado da rede no centro dos



núcleos é aceptable, aínda que non temos coñecemento da existencia dunha rede de pluviais no concello.

Na actualidade a rede en funcionamento é a que percorre entre Portosín e Porto do Son; nesta rede localízanse varios bombeos:

- Portosín: recolle todo o verquido do núcleo urbano para bombealo ata unha cota suficiente entre Freixedo e o Alto de Oliveira. Desde aquí descende, por gravidade, ata o seguinte bombeo entre Beneso e o Pozo.
- Pozo: recolle a zona de Beneso e todo o anterior para bombear ata o núcleo de Cedeiras, desde onde descende por gravidade ata o seguinte bombeo, preto do río Quintáns.
- Quintáns: recolle todo o anterior, mais os núcleos próximos, para bombealos ata o seguinte punto, en Porto do Son.
- Porto do Son: unha vez anulada a antiga EDAR, este bombeo conduce todas as augas residuais, incluídas a do núcleo urbano de Porto do Son, ata a nova depuradora, preto de Agueira.

Desde Porto do Son cara ao sur, o saneamento non se atopa conectado a dita rede integral, atopando unicamente algúns tramos correspondentes con fases intermedias. Ademais disto, poderemos atopar redes illadas funcionais como é o caso do núcleo de Seráns na parroquia de Muro, o cal conta cunha pequena rede de saneamento, cun tratamento de fosa séptica. Existe outra pequena rede de tratamento similar na zona dos núcleos de Campanario e Carballal.

A rede de saneamento estrutúrase preto da costa por un colector que comunica os núcleos de Porto do Son e Portosín e desembarca na E.D.A.R. que se atopa en Punta Agueira. Dito colector recolle e traslada con axuda de bombeos, ao seu paso, as augas que verten aos núcleos urbanos pertencentes ás parroquias de Amoreira, Beneso, Mantoño, Puilla, Igrexa, Cabanela, A Raña entre outras. Respecto aos bombeos, na actualidade atópanse en funcionamento 7 puntos de bombeo, dos cales 5 traballan para o colector de saneamento que forma o eixe vertebrador do municipio.

O esquema da rede é o que se presenta a continuación:

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario

Asdo. José Manuel González García.

XUNTA DE GALICIA

Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Fernando García-Fente Varela



DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.



Plano da rede de saneamento de Porto do Son

Fonte: Concello de Porto do Son.


O concello de Porto do Son dispón na actualidade de tres E.D.A.R. unha situada ao sur da delimitación do concello, máis concretamente, segundo se pode observar na rede grafada no plano de información de saneamento, situada no Prado de Orellana, a cal presenta o seu punto de vertido na Punta Ínsua terra e que se encarga de recoller as augas da parroquia de Seráns. Outra E.D.A.R. atopámola na Ponte. A E.D.A.R. seguinte será a sita en Agueira e que desenvolveremos a continuación por ser a de última creación.

As augas residuais son conducidas ata a nova depuradora preto de Agueira, cuxo punto de vertido sitúase na ría de Muros e Noia. En funcionamento desde principios do ano 2010, cunha tipoloxía de depuradora biolóxica de lodos activos, mediante un sistema de aireación prolongada con dous reactores tipo carrusel aireados por rotores, decantación secundaria e desinfección do auga tratada



28 ABR. 2016

mediante U.V. Diseñouse para unha poboación equivalente a 12.764 hab/equ, presenta un caudal máximo de deseño de 319 m³/h e un caudal medio de deseño de 3.192 m³/d.



1.5.4.3. Problemática da rede actual.

O saneamento avanzou en gran medida en todo o termo municipal, cubrindo zonas no rural antes desatendidas, aínda que existen actuacións sen conectar a unha rede xeral, polo que, a día de hoxe, non están operativas.

Así pois, as políticas de carácter xeral deberán encamiñarse ao mantemento da rede de colectores, xeral, e á implantación de rede separativa en novos tramos ou en reformas de viarios existentes, de modo que permita diminuír a posible falta de capacidade dos colectores.

1.5.5. Rede eléctrica

A empresa subministradora é UNIÓN FENOSA, S.A.

1.5.5.1. Descrición da rede de subministración

O termo municipal abastécese, a partir das seguintes subestacións:

Nombre	Dirección
PORTO DO SON	Provincia: A CORUÑA Municipio: PORTO DO SON Entidad Colectiva: NOAL (SAN VICENTE) Entidad Singular: CABANELA
P.E. BARBANZA	Provincia: A CORUÑA Municipio: PORTO DO SON
P.E. GRAIADE	Provincia: A CORUÑA Municipio: PORTO DO SON


DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016. O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

As liñas que parten das subestacións, serven a practicamente todo o termo municipal, como se pode observar no esquema, o cal baséase en liñas que desde as subestación cosen os transformadores. A continuación, sinalamos na seguinte táboa, as lonxitudes da rede no municipio, comparándoas con concellos limítrofes:



Nome	Km. Aéreo	Km. Subterr	Potencia instalada (kVA)
PORTO DO SON	11,991	0,07	1.335
SAN BERNARDO	34,002	1,284	7.775
ALIMENTACIÓN PROVISIONAL	0	0	0
CARBONELL-RIANXO	15,55	7,156	15.950
CABO DE CRUZ-COG.PAQUITO	17,338	11,786	12.195
BEALO	43,503	4,015	4.015
BOIRO	4,343	15,179	26.830
MONTANA-PUEBLA.COG.HADASA	26,024	3,486	6.985
Potencia instalada total			75.085
Potencia Instalada no concello de Boiro			45.615



Esquema xeral da Rede Eléctrica Nacional na Comunidade Autónoma Galega.

Fonte: ereE; www.ree.es

As conexións de alta e media tensión, desenvólvense mediante liñas aéreas e soterradas. A continuación amósase un esquema da infraestrutura eléctrica, existente no municipio de Porto do Son:

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto do Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

Asdo. José Manuel Gonzalez García.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Fernando García-Fente Varela



DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.



Plano da rede de subministración en alta e media tensión de Porto do Son.

Fonte: Unión Fenosa

1.5.5.2. Tratamento de residuos sólidos.

Existe servizo de limpeza e recollida de lixo nos dous núcleos de Porto do Son e Portosin, e tamén existe un itinerario básico de recollida de lixo no resto dos núcleos rurais máis importantes. A recollida faise diariamente nos núcleos urbanos.

O antigo vertedoiro situado no monte Enxa (a 4 Kms. do núcleo de Porto do Son e 10,5 Km. de Portosin respectivamente) no que se queimaba o lixo ata o ano 2002, comezou o seu selado definitivo a principios deste ano, deixando de provocar o grave impacto físico, sensitivo e visual que caracterizaba esta zona. Unha vez inutilizado o vertedoiro, o Concello levou transitoriamente o lixo á ecoplanta de Sogama en Boiro, ata o comezo do funcionamento da planta de tratamento de residuos ou complexo medioambiental de Servia da Mancomunidade de concellos do Barbanza, a finais do ano



2003, que se dedica á fabricación de cómpost e á reciclaxe de residuos, como tratamento integral alternativo a Sogama, co valor engadido de ser máis ecolóxico e barato.

1.5.5.3. Alumeado público.

Existe este servizo en todos os núcleos de poboación, tanto urbanos coma rurais, servíndose a unha tensión de 220 voltios, e a instalación de control está composta por dispositivos de mando, células fotoeléctricas e reloxos horarios.

1.5.6. TELECOMUNICACIÓNS.

1.5.6.1. Teléfono.

Existen no termo municipal unha rede telefónica básica que abastece toda a franxa litoral do concello, existindo algúns núcleos da zona alta de montaña sen liña telefónica, que non obstante se poden comunicar telefonicamente sen fíos.

1.5.6.2. Radio.

Existe unha radio municipal desde 1990, que emite desde o edificio municipal de servizos múltiples.

1.5.6.3. Correos e telégrafos.

Este servizo realízase desde as dependencias situadas na planta baixa do concello desde o ano 1988 en que se traslada a ese espazo.

1.6. O SISTEMA DE DOTACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.6.1. INTRODUCCIÓN.

A valoración cualitativa do sistema de dotacións urbanísticas, constitúe desde unha perspectiva social e cidadá un dos principais indicadores á hora de definir un concepto híbrido entre calidade ambiental e benestar social que chamaremos calidade de vida, máis asociada ao artellamento e desenvolvemento urbanístico dun sistema poboacional. Partindo dun concepto que vén acoutado por unha multiplicidade de factores dispares, a dimensión "cualitativa" xorde principalmente da integración de valoracións individuais, e ata tal punto que a súa determinación queda supeditada á percepción persoal, inserida nun contexto sociocultural concreto.

A imprecisión do termo e a súa introdución no marco xurídico-técnico da urbanística actual, levou ao establecemento dunhas condicións obxectivas que permitisen a comparación desas realidades dispares. Desde o punto de vista do lexislador urbanístico, a avaliación do nivel dotacional partiu inicialmente da fixación duns parámetros cuantitativos estáticos (estándares), aplicables a toda a dimensión territorial acadada (na maior parte dos casos) polo instrumento de ordenación habilitado para a ordenación integral do territorio, (principalmente os Plans Xerais).

O alto nivel de abstracción (ou redución) que subxacia neste enfoque, non permitía garantir e valorar, en termos cualitativos, un mínimo acaecemento aos diferentes graos de cohesión social inherentes á multiplicidade de modos de asentar. A idea de dotación como condensador social, como factor dinamizador da estrutura relacional e física dun sistema poboacional, tería que ir parella a unha acción propositiva consecuente, precedida dun exhaustivo labor de análise.



28 ABR. 2016

O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

Asdo. José Manuel González García.



28 ABR. 2016



Xefe do servizo de Planificación

Fernando García-Fente Varela

Asdrúbal Martínez Gómez

A recente modificación do marco normativo regulador da actividade urbanística na comunidade autónoma, traíu de recoñecer a heteroxeneidade manifesta do feito urbano, a partir da súa discretización en unidades territoriais homoxéneas.

[...] *A totalidade do solo urbano dividirse polo plan xeral en distritos, atendendo á racionalidade e calidade da ordenación urbanística e a accesibilidade da poboación ás dotacións, utilizando preferentemente como límites os sistemas xerais dos elementos estruturantes da ordenación urbanística, e coincidindo na maior parte da súa extensión cos barrios, parroquias ou unidades territoriais con características homoxéneas [...]* Artigo 49.1, TR da Lei 9/2002.

1.6.2. DEFINICIÓN E CLASIFICACIÓN DAS DOTACIÓNS.

Conceptos como o de dotación, equipamento e servizo empréganse indistintamente para definir as estruturas espaciais e sociais que serven á comunidade; entendidas, de modo xeral, como complementos das grandes funcións de residencia, transporte e actividade produtiva. Lonxe de afondar en disquisicións lingüísticas, a significación concreta destes termos vai indefectiblemente vinculada ao mundo da planificación física, e en concreto á ciencia urbanística.

Cunha vocación netamente xurídica, o concepto de *dotación* acada a súa plenitude na propia lexislación urbanística, particularmente no TR da Lei 9/2002. No artigo 47 inclúese a definición de sistema xeral de dotacións urbanísticas como: [...] *conxunto de dotacións urbanísticas ao servizo predominante do conxunto da poboación, do seu asentamento, mobilidade e emprego, en proporción adecuada ás necesidades da poboación [...]*, establecéndose por unha banda precisións conceptuais importantes acerca da natureza das dotacións e por outra a súa categorización en función do rango de servizo. O sistema xeral de dotacións urbanísticas, encadrado na "tradicional" división sistémica, establecida no Regulamento de Planeamento (RD 2159/1978), englobaría nun rango de servizo estendido á totalidade do territorio municipal, aos espazos libres ou construídos que constitúen o soporte físico para acubillar os servizos de consumo colectivo. Neste punto, a lexislación urbanística estende a mesma consideración dotacional ás escalas propias dos ámbitos territoriais subsidiarios nos que se articula o territorio municipal; falamos da escala do local, definitoria do *Sistema de Dotacións Locais* complementario.

Xenericamente falaremos de sistema de dotacións urbanísticas englobando tanto os espazos libres e zonas verdes de uso e dominio público como os equipamentos comunitarios. Deste modo, o concepto *equipamento comunitario* quedaría incluído no de dotación, na medida en que así vén recollido na lexislación urbanística e sectorial.

1.6.3. METODOLOXÍA. ELECCIÓN E XUSTIFICACIÓN DE ESTÁNDARES.

O obxecto primordial desta análise consiste na estruturación e cuantificación das necesidades cidadás de cara á correcta ordenación do sistema de dotacións urbanísticas inserido no novo modelo territorial definido polo Plan Xeral. Para isto, serviuse da metodoloxía empregada no estudo "*La ciudad y los ciudadanos*" realizado polo *Seminario de Planeamento e Ordenación do Territorio do Instituto Juan de Herrera (escuela Técnica Superior de Arquitectura de Madrid)* e publicada baixo o mesmo título polo Ministerio de Fomento.

O traballo partiu da definición das *gradacións urbanas* como ámbitos recoñecibles, determinados por límites de tamaño e densidade, de tal modo que fose posible o establecemento das dotacións correspondentes e o umbral de aparición destas.

Doutra banda, a definición e clasificación das dotacións realizouse segundo o establecido no apartado anterior, baseada principalmente en criterios normativos. Unha vez obtida a relación entre os ámbitos territoriais de servizo e as dotacións en cuestión, procedeuse á comparativa cos parámetros de referencia desexables (extraídos do estudo "*La ciudad y los ciudadanos*"), e convenientemente adaptados á realidade sociodemográfica do concello de Porto do Son. Mediante esta operación avalíase o déficit ou superávit en extensión de solo requirido para cada dotación.



28 ABR. 2016

Brevemente, o procedemento resúmese na realización das seguintes fases.

- Definición das gradacións urbanas e rangos de servizo
- Definición dos parámetros dotacionais acidos á estrutura demográfica do concello
- Definición e clasificación das dotacións
- Dotacións existentes e distribución espacial

Establecemento das gradacións urbanas e rangos de servizo.

Servíndonos de parte do traballo desenvolvido no ámbito da xeografía social, durante a segunda metade do século pasado, a identificación de umbrais cidadáns tentou acadar o seu correlato espacial na delimitación de unidades urbanas, cuestión esta última, que supuxo unha asunción imprecisa do feito urbano, mais indisolublemente ligado á esencia cidadá. En función das diversas autorías, inseridas en contextos culturais determinados, procedeuse á xerarquización e definición dos umbrais urbanos, entre os que sempre sobresaíu, como umbral básico para o desenvolvemento da convivencia cidadá, o barrio. Partindo duns niveis de poboación que suman un pouco máis de 2.000 habitantes distribuídos nun ámbito territorial preciso, constituíuse como esencia natural de cidade, integrando liberdade individual, organización social e identificación territorial.

Estes son os rangos de servizo para as diferentes gradacións urbanas:

Rangos de Servizo		
Rango	Distancia peonil (m)	Distancia ciclista (m)
VECIÑANZA	75	150
BARRIO	400	400
MUNICIPAL	1.000	1.000
SUPRAMUNICIPAL	1.000	1.000

Fonte: Prinz, Dieter; Planificación y Configuración Urbana

Establecemento dos parámetros dotacionais de referencia.

En conxunto, e en base ás características analizadas, cabe afirmar que Porto do Son axústase a un modelo de poboación sostible (fronte a poboacións mozas ou avellentadas), aínda qua a sustentabilidade deba relativizarse en función da tendencia demográfica do modelo social europeo (moi acentuado para o conxunto de Galicia) que apunta cara a un paseniño descenso da natalidade, co conseguinte avellentamento xeral. Estamos a falar dunha poboación, cuxa estrutura demográfica manteríase relativamente estacionaria ao longo do tempo, grazas ao movemento natural e á recepción de fluxos migratorios (positivos) nos grupos de 30 a 44 anos e que hoxe en día xa se manifestan no territorio boirense.

Na seguinte táboa establécense os parámetros para unha distribución óptima do solo dotacional nunha cidade sostible:

Tipo	Parámetro (m ² /Hab)
ASISTENCIAL	1,135
DEPORTIVO	1,550
EDUCATIVO	4,460
SANITARIO	0,430
SOCIOCULTURAL	0,486
Total	8,061
ESPAZOS LIBRES	20

Coa utilización destes parámetros, o propósito último é o de establecer unha avaliación óptima da calidade urbana na cidade, a través do seu compoñente senlleiro: a dotación urbanística.

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

consultora galega s.l.


Asdo. José Manuel González García.



Establecemento das áreas de referencia. A división territorial.

A utilización da actual demarcación parroquial, que en número ascenden a 10, produce un efecto distorsionante na percepción real da distribución poboacional no territorio municipal. Este efecto merece unha consideración especial pois, nalgúns casos pode manifestar a perda do valor referencial da división parroquial de cara ao estudo das dinámicas socioresidenciais. Aínda así, considerouse a parroquia como a división territorial máis acaída á dimensión cidadá do concello, e en parte coincidente coa división de “barrios”.

No seguinte mapa pódese observar a distribución dos espazos libres e das dotacións nas distintas parroquias do concello. As parroquias costeiras acumulan a maioría das dotacións urbanísticas e dos espazos libres existentes pois é onde se concentra a case totalidade da poboación. Unicamente a parroquia de Ribasieira non chega a ter contacto co litoral:



28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

1.6.4 SISTEMA DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES DE DOMINIO E USO PÚBLICO.

Fernando García-Fente Varela

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

Vén definido como a sucesión de espazos libres e abertos, directamente vinculada ao sistema viario, co que comparten uso e dominio. Recoñécese, polo seu carácter público e pola realización de actividades relacionadas coa estancia, comunicación, lecer, práctica de deportes e fomento dos aspectos naturais, tendentes a garantir a salubridade, repouso e espaxamento, potenciación da variedade urbana e optimización das condicións ambientais, paisaxísticas e estéticas da cidade. Cunha vocación claramente urbana e ordenadora, o sistema de espazos libres acada un importante rol como mecanismo de amortecemento e/ou preservación das dinámicas naturais preexistentes, encadrado no mosaico ecolóxico de illas e corredores como base do proxecto ambiental do Plan Xeral.

1.6.4.1. Sistema xeral de espazos libres e zonas verdes.

1.6.4.1.1. Parques urbanos.

Grandes Parques.- Áreas axardinadas de grande tamaño (superiores a 10.000 m²), que serven como lugar de encontro e repouso aos habitantes da cidade compacta e continua. Poden conter elementos especiais que os caractericen, fronte ao resto das áreas axardinadas.

- **Espazo libre en Noal (L-073):** cunha superficie de 11.306 m². Dentro da zona portuaria, constitúe o principal parque do núcleo urbano de Porto do Son. Xunto coas instalacións do porto e outros espazos libres de menor entidade conforma un sistema de amplas dimensións.
- **Paseo marítimo de Porto do Son (L-004):** percorre o bordo do solo urbano de Porto do Son desde a zona portuaria (se ben se pode considerar en parte como continuación do mesmo) ata as proximidades do centro de saúde polo bordo oeste do solo urbano en contacto directo co espazo costeiro. En conxunto estes espazos suman aproximadamente unha superficie de 4521 m² que se ampliarán coas propostas do novo PXOM. Estes espazos están habilitados especialmente para o paseo peonil e a estancia contemplativa nun espazo de gran calidade ambiental e paisaxística.
- **Espazo portuario (L-057):** consiste nunha área de estancia de carácter urbano de aproximadamente 4.300 m². Neste ámbito atopamos desde pequenas prazas para o espaxamento dos habitantes locais así como pequenas zonas de xogo para os máis cativos. Como no caso do núcleo urbano de Porto do Son, o contacto entre a zona portuaria e a cidade constitúe o principal punto de encontro da cidadanía. De todos os xeitos conséntase que rápido desenvolvemento urbanístico que caracterizou a Portosín nos últimos anos non supuxo a creación de novos espazos libres e ou zonas verdes neste núcleo. Tan só a zona portuaria e as magníficas praias de "Entre puntas" ou sobre todo "Coira" aparecen como espazos de encontro e lecer da poboación local.

Pequenos parques.- Correspóndense co sistema de parques integrados no conxunto da cidade. Presentan modestas dimensións (arredor dos 4.000 m²), en parte determinadas pola morfoloxía do tecido urbano.

- **Espazos libres de Xío (L-050 e L-051):** resultado da execución da Unidade de Actuación (UA-10). En total suman aproximadamente un total de 2.367 m² mais os que resultarían de rematarse o proceso de urbanización.

Áreas de estancia.- Correspóndense con espazos de carácter xeral insertos na trama urbana onde concorre a xente para o lecer e deleite do espazo público.

- **Praza de España (L-070):** sitúase no centro do casco antigo do núcleo urbano de Porto do Son. Conta cunha superficie aproximada de 1.270 m².
- **Espazo libre da Virxe do Carme (L-075):** sitúase no contorno da capela da Virxe do Carme onde ademais hai toda unha serie de dotacións de carácter xeral. A proximidade ao mar e o



28 ABR. 2016

MEMORIA INFORMATIVA



O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

paseo marítimo dálle un especial carácter para a contemplación da paisaxe esgrevia neste punto.

- **Xardíns da Atalaia (L-074):** situados na mesma parcela ca a casa do concello de Porto do Son dispóñense en aproximadamente 1.480 m²
- **Espazo libre do porto de Portosín (L-057):** situado dentro do espazo de portos, comparte carácter urbano co resto do núcleo, sendo un dos principais (e por non dicir único) espazo libre que se atopa neste ámbito urbano. Conta cunha superficie aproximada de 4.160 m² e sobre este espazo, podemos atopar tamén unha serie de dotacións deportivas e áreas de xogos infantís.

1.6.4.1.2. Parques no ámbito rural e parques forestais.

Requiren de especial consideración, por serviren de pezas de transición e acceso ao extraordinario medio natural, presente no concello de Porto do Son. Trátase dunha aproximación lúdica e ociosa aos espazos das ribeiras fluviais e aos montes, feito que debe valorarse como parte do xurdimento dunha conciencia ecolóxica non moi despegada da idiosincrasia "rural" tradicional. Certamente, a xestión e acondicionamento destes espazos, dependeron e dependerán da actuación das autoridades competentes e da cidadanía en xeral, e ás comunidades de montes en man común.

- **Parque forestal de Laranga (L-068):** atópase a continuación da pequena aldea de Laranga se seguimos a pista que nos leva a cima do monte Enxa. Este espazo conta cunha serie de dotacións habituais como bancos e mesas de pedra para deleite da xente e acada unha cifra aproximada de 6.935 m². Desde aquí están sinaladas varias rutas de sendeirismo para poder observar a grande cantidade de restos patrimoniais que se poden atopar por todo o termo municipal, como se pode ver no catálogo deste documento.
- **Parque de Loreto (L-066):** situado preto da praia de Agueira conta cunha serie de dotacións como mesas, especies arbóreas de grande frondosidade, así coma outras instalacións deportivas. A proximidade da praia, así como doutras dotacións de carácter asistencial como o centro de día ou a súa situación inxerida nun tecido residencial de grande atractivo, fan deste espazo un ámbito moi demandado pola poboación local ou foránea que no seu momento aproveitan para deleitar sobre todo da praia de Agueira dun gran valor ambiental e paisaxístico.
- **Parque Ornanda (L-062):** parque costeiro que se sitúa entre a praia de Ornanda e o cámping Punta Batuda.
- **Merendoiro da Covíña (L-061):** espazo costeiro habilitado para o lecer e espaxamento da zona residencial próxima, así como dos visitantes que se achegan ás praias das Furnas e de río Sieira para deleite dun espazo de gran valor ambiental e paisaxístico.
- **Merendoiro de Montemuíño:** espazo propiamente forestal situado nas proximidades inmediatas do núcleo de Montemuíño que conta cunha superficie aproximada de 12.180 m². Igual que outros parques forestais do concello, dispón de áreas de estancia habilitadas para o descanso e lecer.
- **Espazo libre de fonte Espinosa (L-063):** espazo habilitado arredor das dotacións deportivas de aproximadamente 22.240 m² na parroquia de Muro, que conta coas dotacións habituais deste espazos comunais.
- **Espazo libre (L-055):** área dotacional situada nas inmediacións do núcleo urbano de Portosín na que se atopa, ademais de infraestruturas básicas como un depósito de abastecemento e portabilizadora, unha serie de dotacións deportivas de carácter xeral.
- **Parque forestal nas inmediacións do monte Enxa (L-046):** espazo habilitado para o deleite da natureza nun contorno privilexiado ao pé do monte Enxa. Conta aproximadamente cunha superficie de 34.176 m². As vistas que se poden observar desde este monte son

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel Cortez Varela



28 ABR. 2016

verdadeiramente impresionantes, motivo polo que se sitúa na súa cima o posto de vixilancia de Salvamento Marítimo.



O xefe do servizo de Planificación

Fernando García-Fente Varela

1.6.4.2. Sistema local de espazos libres e zonas verdes.

1.6.4.2.1. Espazos libres urbanos.

Veñen constituídas por áreas (axardinadas ou non) que serven aos habitantes da veciñanza. Na maioría dos casos son espazos moi flexibles e poden acubillar diferentes usos; outros poden estar acondicionados segundo o uso ao que se dedique: encontro, relación, xogo, repouso... Posúen superficies modestas, comprendidas entre os 100 e 3.500 m². A continuación faise unha breve descrición daqueles de maior identidade:

1.6.4.2.2. De ámbito rural ou parroquial.

Dada a extensión territorial así como polas 10 parroquias que constitúen o concello de Porto do Son temos que apuntar unha chea de espazos libres e pequenos espazos nos núcleos rurais. En moitos casos trátase de áreas sen acondicionar ou pouco acondicionadas, mais son espazos categorizados como sistemas locais de espazos libres e zonas verdes. As superficies de todos eles suman un total de 189.802 m². Ímolos agrupar por parroquias, para unha maior coherencia de criterios.

• Parroquia de Baroña:

Clave	Denominación	Área
L-016	Paseo e mirador natural	550,45
L-017	Espazo libre	1.720,65
L-018	Espazo libre	1.083,87
L-019	Parque	1.248,23
L-046	Parque Forestal	35.938,53
L-052	Merendeiro de Montemuiño	16.079,02
TOTAL		56.620,75 m²

• Parroquia de Goiáns:

Clave	Denominación	Área
L-020	Espazo libre	490,00
L-022	Espazo Libre	375,55
L-024	Espazo libre	4.092,56
L-027	Espazo libre	241,43
L-055	Espazos libres	24.087,93
L-057	Espazo libre	4.301,82
L-086	Parque Infantil	405,65
L-087	Parque Infantil	36,58
TOTAL		34.031,51 m²

• Parroquia de Xuño:

Clave	Denominación	Área
L-028	Espazo libre	1.984,82
L-061	Merendeiro	15.118,57
TOTAL		17.103,39 m²

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,
Asdo. José Manuel González García.



28 ABR. 2016

MEMORIA INFORMATIVA



O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Fernando García-Fente Varela
Fernando García-Fente Varela

• Parroquia de Noal:

Clave	Denominación	Área
L-032	Espazo libre	1.748,92
L-033	Espazo libre	4.324,77
L-036	Espazo libre	187,13
L-039	Espazo libre	114,13
L-041	Espazo libre	578,05
L-042	Espazo libre	56,01
L-043	Espazo libre	61,12
L-044	Espazo libre	182,82
L-066	Parque de Loreto	8.906,70
L-068	Espazo libre	6.868,13
L-070	Pza. de España	1.271,42
L-071	Espazo libre	906,61
L-073	Espazo libre	11.306,48
L-074	Xardíns da Atalaia	1.492,24
L-075	Espazo libre	647,61
TOTAL		38.652,14 m²

• Parroquia de Miñortos:

Clave	Denominación	Área
L-029	Espazo Libre	3.247,27
L-030	Espazo libre	1.336,60
L-031	Espazo libre	413,24
L-062	Parque Ornanda	14.497,22
TOTAL		19.494,33 m²

• Parroquia de Queiruga:

Clave	Denominación	Área
L-077	Merendeiro	5.694,67
L-080	Espazo libre	2.246,48
L-081	Espazo libre	4.485,60
TOTAL		12.426,75 m²

• Parroquia de Muro:

Clave	Denominación	Área
L-063	Espazo libre	21.792,40
TOTAL		21.792,40 m²

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Cencello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.



28 ABR. 2016

MEMORIA INFORMATIVA



O xefe do servizo de Planificación
 Urbanística II

1.6.4.3. PARAMETROS COMPARATIVOS.

Utilizando os parámetros comparativos da cidade-vila sostible requiridos para estas dotacións, debemos falar de, como mínimo 20 m²/hab de espazos libres.

Parámetros Actuais de espazos libres			
Tipo	Superficie (m ²)	Poboación (Hab)	Parámetro (m ² /hab)
espazos libres de sistema xeral	168.909,34	9.867	17,12
espazos libres de sistema local	31.211,93	9.867	3,16
Total	200.121,27	9.867	20,28

As cifras son obxectivamente superadas con folgura, polos cálculos dos espazos libres e zonas verdes do termo municipal, tal e como se detalla no cadro de parámetros actuais de espazos libres.

Parámetros actuais de espazos libres por tipo			
Tipo	Superficie (m ²)	Poboación (Hab)	Parámetro (m ² /Hab)
ÁREAS DE ESTANCIA (AE)	17.308	9.867	1,75
ÁREAS DE XOGO (AX)	33.594	9.867	3,40
PEQUENOS PARQUES (PP)	12.314	9.867	1,24
GRANDES PARQUES (PG)	71.621	9.867	7,25
PARQUES FORESTAIS (PF)	58.885	9.867	5,96
PASEOS ()	4.521	9.867	0,4582
XARDÍNS (IV)	8.720	9.867	0,88
Total	580.175 m²	9.867	29,98

A táboa amosa que a media do municipio está moi por riba do parámetro estimado como desexable. Haberá pois que analizar polo miúdo as localizacións para unha relación óptima de superficie/habitante por parroquia, xa que a amplitude do concello e a súa espacial orografía e modo de asentamento poboacional, require dunha aproximación máis atinada.

Diferenza paramétrica de espazos libres (total)						
	Sup. (m ²)	Poboación (Hab)	Parámetro (m ² /Hab)	Parámetro sostible	Diferenza (m ² /Hab)	Superávit (m ²)
Total	200.121,27	9.867	20,28	20	+ 0,28	+ 2781,27

1.6.5. SISTEMA DE ESPAZOS LIBRES E A SÚA DISTRIBUCIÓN ACTUAL.

A análise da situación actual respecto dos espazos libres realízase ao nivel das parroquias:

Diferenza paramétrica de espazos libres						
PARROQUIA	Sup. (m ²)	Pob. (Hab)	Parámetro (m ² /Hab)	Parámetro sostible	Diferenza (m ² /Hab)	Déficit/superávit (m ²)
Baroña	56.620,75	772	73,34	20,00	53,34	+ 41.180,75
Goiáns	34.031,51	1.470	23,15	20,00	3,15	+ 4.631,51
Xuño	17.103,39	1.146	14,92	20,00	-5,08	-5.816,61
Noal	38.652,14	2.625	14,72	20,00	-5,27	-13.847,86

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
 O secretario,

Asdo. José Manuel González García



28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Guillermo

Miñortos	19.494,33	487	40,02	20,00	20,02	+ 9.754,33
Queiruga	12.426,75	922	13,48	20,00	-6,52	-6.013,25
Muro	21.792,40	909	23,97	20,00	3,97	3.612,4

A dotación de espazos libres e zonas verdes de uso e dominio público é claramente suficiente na meirande parte do concello de Porto do Son en relación ao parámetro comparativo considerado. Unicamente as parroquias de Xuño, Noal, Ribasieira son de signo negativo no tocante aos parámetros de sustentabilidade.

É, polo tanto, preciso, mellorar os espazos libres e zonas verdes do concello, especialmente no tramado urbano, pois os niveis dos núcleos urbanos de Portosín e, especialmente, o de Porto do Son non son aceptables para un concello baseado na sustentabilidade e a calidade de vida. Sería pois, necesario aumentar a oferta actual.

1.6.6. SISTEMA DE EQUIPAMENTOS E DOTACIÓNS COMUNITARIAS.

Constituído por espazos ou edificacións destinadas a prover aos cidadáns, servizos, prestacións sociais de carácter formativo, cultural, sanitario, deportivo ou de benestar social. En relación ao procedemento de análise cómpre indicar unicamente, que veñen a ser considerados aqueles equipamentos imprescindibles para o funcionamento da estrutura social, distinguíndoos dos que chamaremos, propiamente, servizos que son as dotacións de consumo universal necesarias para a organización funcional. Trátase das dotacións, administrativa, da seguridade pública ou os espazos necesarios para a provisión de auga, electricidade, transporte...

Dentro da categoría de equipamentos imprescindibles para o funcionamento da estrutura social, procedeuse á subdivisión en cinco tipos: asistencial, deportivo, educativo, sanitario e sociocultural (todos eles con algunha representación no termo municipal).

1.6.6.1. Equipamento asistencial.

Inclúe as dotacións destinadas a promover e posibilitar o desenvolvemento do benestar social de tódolos cidadáns, mediante actividades entre as que se inclúen a información, orientación e prestación de servizos ou axudas a colectivos específicos como familia e infancia, terceira idade, persoas con discapacidade, minorías étnicas ou outros grupos marxinais.

1.6.6.1.1. Sistema xeral de equipamentos asistenciais

Non existen equipamentos ou dotacións asistenciais de carácter xeral como tal no concello de Porto do Son.

1.6.6.1.2. Sistema local de equipamentos asistenciais.

O único equipamento deste tipo atópase na parroquia de Nebra na zona de Agueira:

- **Centro de atención diurna de Agueira:** son unhas instalacións recentes ben dotadas, nun espazo de alta calidade ambiental e paisaxística.

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto do Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

Asdo. José Manuel González García.



28 ABR. 2016

1.6.6.1.3. *Parámetro comparativo*

O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Para o cálculo dos déficits de solo en relación ao equipamento asistencial tívoise en conta o parámetro para unha distribución óptima do solo dotacional para unha cidade sostible e que require de 1,135 m²/Hab. O parámetro actual acada unha cifra relativamente baixa: 0,354 m²/Hab.

Parámetro actual de equipamentos asistenciais			
Tipo	Superficie (m ²)	Poboación (Habitantes)	Parámetro dotacional (m ² /Hab)
Asistencial	3.496,94	9.867	0,354

A táboa amosa que a media da cidade está por debaixo do parámetro estimado como desexable. Haberá que esperar ao estudo de accesibilidade para o avance de pautas de localización.

1.6.6.1.4. *Sistema de equipamentos asistenciais. Distribución actual.*

A análise da situación actual respecto dos equipamentos asistenciais, realízase ao nivel das parroquias e amosa un resultado acorde coa distribución territorial dos mesmos:

Diferenza paramétrica de equipamentos asistenciais						
PARROQUIA	Sup. (m ²)	Pob. (Hab)	Parámetro (m ² /Hab)	Parámetro sostible	Diferenza (m ² /Hab)	Déficit/superávit (m ²)
Baroña	0	772	0	1,135	-1,135	-876,22
Goiáns	0	1.470	0		-1,135	- 1668,45
Xuño	0	1.146	0		-1,135	-1.300,71
Noal	0	2.625	0		-1,135	-2.979,37
Miñortos	0	487	0		-1,135	-552,74
Queiruga	0	922	0		-1,135	-1.046,47
Muro	0	909	0		-1,135	- 1.031,71
Nebra	3.496,94	823	4,25		3,115	2562,83
Ribasieira	0	103	0		-1,135	-116,90
Caamaño	0	610	0		-1,135	-692,35
TOTAL	3.496,94	9.867	0,35			-0,785

Certamente, para o conxunto de Porto do Son, atopámonos cunha carencia funcional moi importante, materializada na práctica ausencia deste tipo de equipamentos. Haberá que prestar atención especialmente aos referidos ás persoas encadradas no grupo da 3^a e 4^a idade. Este incremento de persoas con necesidades de atención moi específicas vai ser un feito de certa importancia a medio e curto prazo e por isto imprescindible telo en conta cara ao planeamento destes equipamentos asistenciais. Deberanse localizar na área de influencia dos núcleos de poboación, evitando na medida do posible o efecto dispar que supón a concentración deste tipo de dotacións, na parte da cidade que soporta maiores densidades de poboación, xa que logo, dunha banda facilítase o acceso ao maior continxente de individuos necesitados dos servizos asistenciais (fundamentalmente persoas maiores) e, pola outra, mostra como os habitantes dos asentamentos afastados do centro precisarán da utilización de transporte motorizado.

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Cencello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,



XUNTA DE GALICIA

Aprobado definitivamente con suxeición estrita ás condicións sinaladas pola Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data

28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

- LIMITE PARROQUIAL
- INFLUENCIA ASISTENCIAL



DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Cencello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

1.6.6.2. Equipamento deportivo.

Intentar concretar as calidades da oferta deportiva dun concello como o de Porto do Son, implica o recoñecemento da complexidade do sistema deportivo, especialmente referida á multiplicidade de espazos onde se practican, e a variedade de axentes promotores, así como ás tipoloxías federativas, afeccionada, de base, de saúde, etc.



28 ABR. 2016

MEMORIA INFORMATIVA



O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Fernando García-Fente Varela

1.6.6.2.1. Sistema xeral de equipamentos deportivos.

Concíbense como espazos deportivos que integran instalacións deportivas de diverso tipo, capaces de albergaren prácticas deportivas de uso xeneralizado. Na maior parte das veces, insírense en actuacións de índole educativa, acadando un réxime compartido de utilización:

- **Pista deportiva de Baroña (E-022):** situada na marxe esquerda do viario da deputación (AC-7102), preto do límite sur do núcleo urbano de Porto do Son
- **Piscina municipal de Noal (E-036):** situada na zona da Tarela.
- **Pista deportiva no parque de Loreto:** sitúanse na contorna do núcleo de Aguieira zona de alta afluencia turística.
- **Instalación deportivas na zona da Trapa:** serven basicamente ao núcleo urbano de Portosín

1.6.6.2.2. Sistema local de equipamentos deportivos.

Veñen constituídos por pistas polideportivas ao aire libre. Na maioría dos casos, a súa implantación responde a actuación de asociacións veciñais ou parroquiais. Tódalas parroquias contan con algún tipo destes equipamentos:

Neste momento, o equipamento deportivo que existe no concello está repartido polo territorio do seguinte xeito:

• **Parroquia de Baroña:**

Baroña:

- Campo de fútbol do Castro

- Pista polideportiva descuberta no Castro

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 26/02/2016.
O secretario,

Asdo. José Manuel González García.

Clave	Denominación	Área
E-002	Pista Polideportiva	878,43
E-022	Pista deportiva	12.334,47
E-023	Campo de Fútbol Baroña	5.800,39
TOTAL		19.013,29 m²

• **Parroquia de Goiáns:**

Goiáns:

- Campo de fútbol en Aguieira

Pista polideportiva descuberta no campamento de Loreto

Clave	Denominación	Área
E-028	Pista de tenis	1.185,44
E-029	Pista deportiva	5.398,97
E-122	Pista deportiva	1.211,64
TOTAL		7.796,04 m²



28 ABR. 2016

• **Parroquia de Xuño:**



O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Xuño:

Fernando García-Eente Varela
 Fernando García-Eente Varela

- Campo de fútbol na praia das Furnas
- Pista polideportiva cuberta, no colexio de E. Primario.

Clave	Denominación	Área
E-123	Campo de fútbol das Furnas	11.830,46
TOTAL		11.830,46 m²

• **Parroquia de Noal:**

Noal:

- Campo de fútbol en Preguntoiro
- Pista polideportiva descuberta, no colexio de E. Primario
- Ximnasio.
- Pavillón polideportivo cuberto no colexio
- Piscina cuberta (en proxecto)

Clave	Denominación	Área
E-036	Piscina municipal	6.851,10
E-124	Pista Parque de Loreto	912,79
TOTAL		7.763,89 m²

• **Parroquia de Miñortos:**

Miñortos:

- Campo de fútbol en Trapa
- Pista polideportiva descuberta no colexio de E. Primario
- Pista polideportiva descuberta en Trapa
- Polideportivo cuberto (en construción)

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Cencello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

○ secretario,

Asdo. José Manuel González García.
 Asdo. José Manuel González García.

Clave	Denominación	Área
E-030	Pista polideportiva	954,37
E-032	Club náutico de Portosín	1.250,15
TOTAL		2.204,52 m²

• **Parroquia de Queiruga:**

Queiruga:

- Campo de fútbol
- Pista polideportiva descuberta na praia Seiras

28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Clave	Denominación	Área
E-039	Pista deportiva	7.449,51
E-040	Pista Deportiva	941,68
TOTAL		8.391,19 m²

- **Parroquia de Muro:**

Muro:

- Campo de fútbol
- Pista polideportiva descuberta.

Clave	Denominación	Área
E-033	Pista Polideportiva	915,18
E-034	Pista Deportiva (Campo de fútbol)	6.666,04
E-035	Pista de tenis	3.960,45
TOTAL		11.541,67 m²

- **Parroquia de Nebra:**

Nebra: usan as instalacións da parroquia de Noal.

Clave	Denominación	Área
E-021	Campo de fútbol de Agueira	9.502,41
TOTAL		9.502,41 m²

- **Parroquia de Caamaño:**

Caamaño:

- Campo de fútbol da Plata
- Pista polideportiva descuberta no campo da Plata

Clave	Denominación	Área
E-024	Pista polideportiva	644,93
E-025	Campo de fútbol	7.035,75
E-026	Picadero	998,64
E-027	Posible circuito de hipica	17.186,28
TOTAL		25.865,60 m²

Ribasieira: usan as instalacións da parroquia de Baroña

DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Cencello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.
O secretario,



28 ABR. 2016

O secretario,

Árdo. José Manuel González García

Pola outra banda, non conta o concello con equipamentos deportivos especializados. O concepto de especialización en termos de explotación deportiva, aplícase cando vai dirixida ao desenvolvemento de deportes minoritarios, e por tal enténdense aqueles que non demandan unha oferta pública coordinada. Son os chamados deportes de club ou asociación (Golf², hóckey, tenis, remo, etc.).

1.6.6.2.3. Parámetro comparativo.

Para o cálculo dos déficits de solo en relación ao equipamento deportivo, tívose en conta o parámetro para unha distribución óptima do solo dotacional para unha cidade sostible e que require de 1,550 m²/Hab.

Parámetro actual de equipamentos deportivos

Tipo	Superficie (m ²)	Poboación (Habitantes)	Parámetro dotacional (m ² /Hab)
Deportivo	103.909	9.867	10,53

A táboa amosa que a media do concello está sobradamente por riba do parámetro estimado como desexable froito da división parroquial xa que é común que en cada parroquia existan instalacións deportivas vinculadas na súa maioría as comunidades de montes ou en terreos veciñais..

1.6.6.2.4. Sistemas de equipamentos deportivos. distribución actual.

A análise da situación actual, respecto dos equipamentos deportivos, realízase ao nivel das parroquias, e amosa un resultado acorde coa distribución territorial dos mesmos, con valores moi superiores ao estándar empregado:


Diferenza paramétrica de equipamentos deportivos							
PARROQUIA	Sup. (m ²)	Pob. (Hab)	Parámetro (m ² /Hab)	Parámetro sostible	Diferenza (m ² /Hab)	Déficit/superávit (m ²)	
Baroña	19.013,29	772	24,63	1,550	23,08	+ 17.817,77	
Goiáns	7.796,04	1.470	5,30		3,75	+ 5.512,5	
Xuño	11.830,46	1.146	10,32		8,77	+ 10.050,42	
Noal	7.763,89	2.625	2,96		1,41	+ 3.701,25	
Miñortos	2.204,52	487	4,53		2,98	+ 1.451,26	
Queiruga	8.391,19	922	9,10		7,55	+ 6.961,1	
Muro	11.541,67	909	12,70		11,15	+ 10.135,35	
Nebra	9.502,41	823	11,54		9,99	+ 82,21	
Ribasieira	0	103	0		1,55	-159,65	
Caamaño	25.865,60	610	42,40		40,85	+24.918,5	
TOTAL	103.909,07	9.867	10,53			8,98	+ 80.470,71

Pódese afirmar que a oferta deportiva existente no concello de Porto do Son presenta un estándar aparentemente, de excelencia.

² Existe un campo de golf de 68.720 m² na parroquia de Macenda, no lugar da Igrexa, mais non é de titularidade pública.



En termos de accesibilidade, se botamos unha ollada ao plano da área de influencia dos equipamentos deportivos, pódese apreciar a cobertura que este tipo de dotacións ofrecen á poboación. As instalacións próximas aos núcleos de maior concentración de poboación así o garanten.



DILIXENCIA: este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Cencello de Porto de Son aprobado polo Pleno da Corporación o 25/02/2016.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García.



28 ABR. 2016



O xefe do servizo de Planificación
Urbanística II

1.6.6.3. EQUIPAMENTO EDUCATIVO.

Asdo. José Manuel González García.

Neste tipo intégranse as dotacións destinadas á formación humana e intelectual das persoas, a preparación dos cidadáns para a súa plena inserción na sociedade, e para a súa capacitación no desempeño de actividades produtivas.

1.6.6.3.1. Sistema xeral de equipamentos educativos.

Imparten principalmente cursos de ESO, bacharelato e ciclos formativos, aínda que tamén se imparten bacharelato e niveis de Educación de Adultos, e os programas de Garantía Social e de potenciación da aprendizaxe de linguas estranxeiras.

1.6.6.3.2. Institutos

O ensino secundario comprende a educación secundaria obrigatoria, é un segundo ciclo constituído polo bacharelato ou pola formación profesional de grao medio. No concello de Porto do Son atópanse os seguintes institutos de ensinanza secundaria:

- I.E.S. Porto do Son

